

Resolución do 01 de xullo de 2020, do Director-Xerente, no proceso para o ingreso nas listas previas na categoría de Capataz resultante dos períodos de actualización de listas, convocados por resolución do 20 de setembro de 2019 do Director-Xerente (DOG 01 de outubro de 2019) e por resolución do 30 de xaneiro de 2020 do Director-Xerente (DOG 06 de febreiro de 2020), pola que se aproban e se fan públicas as listas previas definitivas desta categoría.

Por resolución do 19 de xuño do 2020 da comisión de selección, publicada na páxina web de SEAGA o día 22 de xuño de 2020, aprobáronse e fixéronse públicas as listas previas provisionais de candidatos/as na categoría de Capataz resultantes dos períodos de actualización de méritos.

Transcorrido o prazo establecido para a presentación de reclamacións sobre ditas listas previas provisionais, de conformidade co establecido nas bases xerais 2.1.3 e nas bases específicas 2.1.2 das que rexen o proceso, este Director-Xerente, **ACORDA:**

Primeiro.-Resolver as reclamacións efectuadas.

Resolver as reclamacións efectuadas contra a aprobación das listas previas provisionais de candidatos/as publicadas o día 22 de xuño de 2020 e aprobadas por resolución do 19 de xuño de 2020 da comisión de selección.

Segundo.-Facer públicas as listas previas definitivas de candidatos/as.

Facer públicas as listas previas definitivas de candidatos/as, por duplicado exemplar, un exemplar no que os/as candidatos/as figuran por orde descendente á puntuación obtida tralo baremo de méritos, co D.N.I., ámbito/s territorial/ais, perfil/ís profesional/ais, discapacidade e puntuación, e outro exemplar no que os/as candidatos/as figuran por orde ascendente do D.N.I, ámbito/s territorial/ais, perfil/ís profesional/ais, discapacidade e puntuación, que se poden consultar na páxina web de SEAGA escollendo a categoría correspondente, según o perfil/ís e ámbito/s territorial/ais seleccionados polo/a candidato/a no Anexo I da solicitude.

Santiago de Compostela, a 01 de xullo de 2020.

O Director-Xerente.

Asdo.-Pablo Arbones Maciñeira

